

2. AS CORTES DE CÁDIZ E A CONSTITUCIÓN DE 1812

ABDICACIÓNS DE BAIONA

Carlos IV e Fernando abdican en favor de Napoleón

XOSÉ I BONAPARTE
(1808-1813)

Constitución de Baiona
(*Carta Outorgada*)

GUERRA DA INDEPENDENCIA
Contra a ocupación napoleónica

NECESIDADE DE CONVOCAR CORTES XERAIS EXTRAORDINARIAS

- Coñecer a vontade do país
- Levar a cabo as reformas necesarias
- Posturas diverxentes:
 - Restablecer o absolutismo
 - Establecer o liberalismo, realizando cambios e restrinxindo o poder real. Establecerían unha CONSTITUCIÓN, que suporía a división de poderes e pola que a soberanía residiría no pobo
- Realízanse consultas para coñecer os problemas
- Iníciase un proceso complexo

XUNTAS DE GOBERNO

- Creadas polas elites, apoiadas polo pobo, ante a pasividade das autoridades, as abdicacións de Baiona e a invasión napoleónica
- Representan a ruptura coa orde política, cunha concepción revolucionaria
- A súa lexitimidade fundaméntase na vontade popular e colectiva de defender o país.
- Asumiron o poder supremo e a soberanía na súa xurisdición: en cada localidade creouse unha Xunta Local, baixo a autoridade das Xuntas Supremas Provinciais
- Substituíron ou incorporaron as institucións
- Declararon a guerra a Francia e organizaron a resistencia
- O goberno de España exerceuno a **XUNTA SUPREMA CENTRAL GUBERNATIVA DE ESPAÑA E AS INDIAS*** (setembro de 1808). A partir de 1810 foi substituída polo **SUPREMO CONSELLO DE REXENCIA***
- En GALICIA a sublevación contra os franceses iniciouse na cidade de A Coruña. Formase a Xunta Suprema formada por 7 cidades

CORTES DE CÁDIZ (24 de setembro de 1810).

- Predominan os deputados das clases medias urbanas e instruídas. Non participan nin artesáns, nin campesiños. Participan:
 - Eclesiásticos
 - Avogados
 - Xentes da administración e o exército
 - Algún comerciante
 - Nobres
- Representan dúas tendencias:
 - Absolutistas (realistas)
 - Liberais
- Realizaron unha gran labor lexislativa:
 - **CONSTITUCIÓN DE 1812***
 - DECRETOS
 - Proclamación da Soberanía Nacional e separación de poderes (1810)
 - Abolición de señoríos xurisdiccionais e dos privilexios feudais (1811)
 - Liberdade de imprenta sen censura previa (1811)
 - Regulamentación do poder executivo e responsabilidade dos ministros (1811)
 - Formación dos Concellos populares e Deputacións provinciais (1812)
 - Creación do Tribunal Superior de Xustiza (1812)
 - Supresión do Tribunal da Inquisición (1813)

TODAS AS REFORMAS ABOLIRON LEGALMENTE O ANTIGO RÉXIME, pero as masas populares as consideraron estrañas, ao dar crédito aos eclesiásticos que as presentaban como algo atentatorio á relixión e a tradición

CONSTITUCIÓN DE 1812*

- Monarquía
- Soberanía da Nación
- Separación de poderes
- Declaración de dereitos e liberdades
- Unitarismo e centralismo
- Catolicismo

RESTAURACIÓN DA MONARQUÍA BORBÓNICA:
FERNANDO VII

DERROTA DOS FRANCESES E FIN DO REINADO DE XOSÉ I